

As sete idades.

(nomes que collín prestados de Alma Alexander, do libro *A linguaxe segreda do jin-shei*)

Atu

sigu morta e aínda non morrín,  
non fun nacida.  
ardo como unha vela no fondo dun caixón,  
esquecida.  
pero a forza que me impulsa  
queima a madeira deixando meus cabelos de vella tras o lume.  
e así poder existir no mundo dos imaxinables.

Liu

os erros cos que me estigmatizaches,  
sen senso, allea, concibida,  
víronme espida na noxenta luz.  
sen pudor nin medo.  
sen ser dona de min nacín esta noite,  
na soidade dun sol que queima miña pel con agarimo,  
na compañía duns dedos que maceraron miña carne  
baleirándome de min.

Lau

coa dor da primeira patada.  
coa vida toda na estrada.  
sen saber se as liñas suben ou baixan.  
medrar, única pesquisa no buscador destes días de verán.

Xat

xusto antes de que todo empece.  
un momento para ser muller.  
agora,  
nos beizos sabiduría,  
no sexo impaciencia,  
no corazón experiencia,  
sinals que marcan miña identidade.

Qai

son a Terra fértil  
na que plantar a semente do inconformismo.  
mestúrame con canela nas noites de inverno  
para ser perfume de revolución nos camiños que se pechan.

Ryu

axudádeme a levar o mundo.  
pésame nas costas,  
que algún día foron dos dous.  
agora mergullada e esquecida,  
teño que cruzar ao espazo  
no que atoparte será doloroso.

Pau

sinxela, vestida co abrigo dos anos.  
fendas nun rostro no que se araron moitas vidas.  
mil mortos no ciclo infinito de vida rumbo ao mar.

Atu

de novo empeza todo para poder ser nata,  
morta sen ter nacido.

Eva Méndez Doroxo